IRIMIA
a xustiza e a paz bícanse
ANO XXXII • Nº 876 - Do 22 de abril ao 5 de maio de 2013




# As redes sociais no fío do debate

# A foto que fala



Siria, un país pechado á esperanza. [Deir al-Zor, Siria]

# O trasno A negra sombra

Daniel López Muñoz

A imputación de Baltar, a lectura dos cargos e reflexións do xuíz, son un preciso retrato da *negra sombra*. Remiten a toda una posible historia de utilización do poder como unha enorme facenda propia, un rancho de pinipón, de quito e poño, un xogo da "play" chamado, por dicir algo, "O vicerrei", no que exerces un poder total, e que consiste en coleccionar con sabias artes e nutridos fondos públicos polos que ninguén che pide contas,



un exército de estómagos agradecidos, clientes "fidelizados" que, postos na balanza dos cálculos políticos, son un enorme capital co que negociar a túa supervivencia eterna, un salvavidas para xubilarse con inmunidade.

Ou iso parecía. Pero a eternidade, ás veces, dura pouco. Xa non é o que era. Efectivamente o xuíz imputa ao patrón ourensán por enchufes masivos. Porque, oh sorpresa!, oh perplexidade da metade da sociedade galega e mesmo algo máis!... o enchufe é un delito! Si, rómpese un tabú, e o xuíz afirma no auto que Baltar é imputable por presunta prevaricación por, supostamente, decidir, sabedor do inxusto do seu proceder, que "concedía" un posto na Deputación a cento catro familiares e persoas afíns ao PP: sen procedemento, sen fiscalización do acto, sen publicidade, sen mérito e, ben probablemente, sen capacidade.

Velaí o problema, porque a sombra, ademais de negra é alongada. Durante canto tempo sería ese –a fidelidade feudal, o pacto de servidume- o procedemento para empoderar a cidadáns e darlles acceso a empregos públicos que, pola súa natureza, requiren competencia e obxectividade? Si, a sombra é alongada e perigosa, e debería facerse un exercicio retroactivo de curación. Exercer potestades públicas, decidir ou executar actuacións que teñen que ver coa vida dos demais, non pode estar sometido a ningunha sospeita de parcialidade, chámese brigadista contra o lume, traballador social ou responsable do arquivo provincial.

A sombra é alongada, porque as organizacións teñen memoria e cultura. E desta podería quedar xudicialmente demostrado que as Deputacións provinciais son un problema.O hábito fixo delas o que son, que é exactamente o que a xente dá por suposto que son e que sempre foron, o que se espera delas. Mágoa que o xuíz non aproveite para, sabiamente, aconsellar a súa liquidación definitiva, aproveitando a crise e a necesidade de simplificar e limpar.

# Editorial O fin da pureza

O presidente Feijoo tivo que pasar polo mal trago de dar explicacións perante o Parlamento por unhas fotos do tempo no que exercía de alto cargo con Fraga. As fotos non eran con calquera, nin en calquera sitio. Ese foi o problema. As fotos eran no iate dun narcotraficante actualmente convicto e preso, un dos mitos das Rías Baixas daquela época terrible, a da xeración perdida, a do enriquecemento obsceno duns a conta da inmensa dolor dos outros.

Era unha época na que os escolares de Arousa non aspiraban a aprender, senón a dedicarse ao "fume". Era época de mansións insultantes, dos fillos ionquis, rotos para sempre, das nais loitadoras, da incomprensión máis absoluta cara a elas –as tolas-, da permisividade social cara a uns capos que creaban tantos "postos de traballo" e, un dos feitos máis graves da historia de Galicia, da promiscuidade entre os narcotraficantes e o poder político. Tamén, non hai que esquecelo, era tempo de agradecidos párrocos aos xenerosos doadores o día do santo patrón.

Era unha guerra na que todos coñeciamos o inimigo

Era o momento crucial no que Galicia puido converterse na segunda Sicilia, ou na terceira Colombia. Pero non foi así. Porque tamén houbo reacción e loita, concienciación, traballo a esgalla das organizacións de base, cooperación decisiva de xuíces, loita política, social e mediática. E a cousa foise controlando e, cos seus peros, cos seus máis e os seus menos, aquela guerra foise gañando. E boa parte dos capos, o amigo de Feijoo incluído, acabaron presos.

A cuestión é esa. Era unha guerra contra o narcotráfico, tan aceptado, tan "incluído" na nosa cultura; contra os clans: os Oubiña, Charlíns, Dorado, Terito… Era unha guerra na que todos coñeciamos o inimigo, con nomes e apelidos. Non vale dicir, "eu non sabía". Porque saber, sabíase. Estaba na fala da xente, nos arquivos policiais, nas novas da prensa, nos soños infantís, na desesperación das nais.

A cuestión é esa. Hai un presidente da Xunta que naquela guerra, estaba no lado incorrecto, o mesmo que presumía de pureza. Algo rompeu. E é difícil de recompoñer.

# Rumores de esperanza

Xan Guillén





Unha camiseta XL xa é unha camiseta dunha talla especial. Non pode enchela calquera. Hai que ter bo corpo. XL en números romanos tamén sabemos que significa corenta. Ese é o número de Pascuas "xóvenes" que se levan celebrando no Colexio Filipense de Vilagarcía.

Naceu no ano 73 no mosteiro de Armenteira, pero axiña chegou a Vilagarcía. Un dos seus pais foi Xaime Vaamonde, que, por certo, tamén foi pai das xornadas de música relixiosa de Poio, que supuxeron folgos para a liturxia en galego. Este crego, que tivo o seu último destino en Santa María de Pontevedra, faleceu hai moi pouco.

Somos moitos e moitas os que participamos delas. Sendo eu un adolescente, aterrei na que facía o número dezaseis. Penso que é unha experiencia de fe e ledicia que paga a pena. Amósase un Deus próximo, ledo, simpático, xuvenil… Hai reflexión sinxela e esperanzadora. Testemuñas de fe e compromiso serio. Música a esgalla.

A Pascua Xoven ten por diante un difícil reto. Seguir a ser un referente dunha fe rica, divertida e, se cadra, seguir a buscar unha forma diferente para dar a mensaxe evanxélica. Se xa encheron unha camiseta talla XL haberá que buscar novas tallas.


1




3



2



4



# A peneira

## 1

A ONU manda pechar Guantánamo por ilegal, pero a cultura de morte de EUA non sabe de xustiza: nun ano suicídanse 349 militares e 310 morren na guerra. Na rúa hai 300 millóns de armas. Matan outros 9 nenos no Afganistán bombardeado 11 anos, roto por corrupción e narcotráfico.

## 2

A marea vermella pecha o 80% das bateas ao 2º produtor de MEXILLÓN, mentres Ánxeles Longa e Ren Shiang fixan o ADN contra o fraude na venda, que adoitan cometer conserveiras, ou proban como as cunchas absorben contaminantes do chan (mercurio, fosfatos…) ou fan firmes para os camiños.

## 3

Os luns de maio FADEMGA forma na "Ética en actuacións diarias" cos discapacitados formacion@fademga.org, mentres COGAMI loita pola integración. Emprega centos en 14 centros coma Fornos de Lamestelle-Oleiros con 71 obreir@s. Exportan empanadas a Xapón, Francia e outros países.

## 4

O Colexio de Educadoras e educadores sociais de Galicia convoca o II Encontro de profesionais de adiccións (981 552 206) na Coruña, o 31 de maio. Queren achegarse á mocidade en risco, acosada polo paro (45%). Europa denunciou que o 24% nin traballa nin estuda (20.280 menores de 25).

5




7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

## 5

O capital sementa miseria e MORTE, ata provocar queimarse ao bonzo en Bulgaria. O primeiro foi un monxe vietnamita no 1963 reivindicando liberdade relixiosa. Medran os suicidios en Santiago e no mundo só os clasificados como tales (un 11.3%). A metade ten máis de 65 anos, un millón por ano.

## 6

Vivimos a Revolución dos Caraveis cos 6 clubs PEGA NO LIBRO potenciando o portugués co blog. Compartimos luces e sombras. No 1800, 80.000 galegos traballaban alí no servizo doméstico, tendas, como afiadores… Agora toca electrificar o tren Vigo-Porto. Camoens era bisneto de galego.

## 7

Na foto, a directora da ONG salvadoreña "Pro BUSCA", K. Bomberger, que coa Comisión pra Desaparecid@s en Saraxevo, está a identificar 8000 persoas: nen@s roubadas ou ilegalmente adoptadas na guerra (1980-92). En 16 anos identificaron polo ADN a 16.000 de países coma Bosnia ou Chile.

## 8

Paquistán vota o 11, rematado o mandato de 5 anos do presidente. Un terzo da poboación vive na miseria e en tensión coa India, hindú, despois de 3 guerras, pola anexión de Cachemira, musulmá. Son vítimas dos desatinos do colonialismo británico. Na foto, Bombeiros de Galiza traballando en Husé.

# Política Cuestión de ideoloxía

Pedro Pedrouzo Devesa

Nos últimos anos ensaiáronse dúas posibles saídas da crise económica de forma insatisfactoria. A primeira foi a cargo do último goberno de Zapatero e fíxose aumentando o gasto público con cargo a débeda pública. Tentouse compensar a caída da demanda privada, para que as empresas seguisen creando emprego, posto que o mercado perdía esa capacidade.




Esa estratexia non veu acompasada dun cambio de modelo de crecemento. Era necesaria unha aposta que nos desviase do sector da construción sobre o que gravitase a nosa riqueza, pero non se fixo. Apostouse por un sector que agonizaba, e o gasto público só conseguiu retrasar os efectos da crise.

Coa chegada do goberno de Rajoy cambiouse a estratexia e abriuse a porta as reformas e aos recortes ante a incapacidade financeira das administracións públicas. Os resultados estámolos comprobando a diario.

Entre os nosos políticos instaurouse a incomprensible certeza de que o sector bancario viría o rescate da sociedade, pola súa condición de corazón financeiro dun país. As reformas e o rescate orientáronse para minorar as súas contas de perdas, sanear os seus maltreitos balances e posibilitar a súa recapitalización, coa inxenua esperanza de que o que é bo para os nosos bancos é bo para nós.

## non sairemos da crise mentres permitamos que os bancos sigan acumulando vivendas baleiras

Descoñecementos a contía exacta dos miles de millóns de euros de fondos públicos que absorbeu a banca e que agora debemos entre todos. A pregunta é... para facer que?

Hai quen pensa que só sairemos desta crise se permitimos ás grandes rendas que aumenten as súa fortunas para que creen postos de traballo. De aí que non toquemos a súa fiscalidade, non busquemos o seu fraude e perdoemos os seus delitos fiscais con amnistías. De aí que permitamos que acumulen vivendas valeiras, que non paguen os gastos que delas se deriven e lles permitamos despedir de forma indiscriminada. A versión suave desa ideoloxía pensa que os millonarios neste país teñen unha gran sintonía social e afán filantrópico, que devecen por poñer a traballar os seus millóns para crear emprego e riqueza .

Outros pensamos que da crise só saímos se entendemos que as vivendas son para estar ocupadas por persoas, que as perdas hai que redistribuílas de forma equitativa e que o gasto hai que dirixilo aos sectores que a medio prazo crearán máis riqueza, e que, se nacionalizamos as bancas, tamén debemos nacionalizar os pisos que embargan para paralizar e retrotraer os inhumanos e incongruentes embargos que seguen executándose ante a parsimonia dun goberno que culpabiliza aos que permitiu que fosen estafados pola xeración de banqueiros máis incompetentes que se recorda.

# O peto común

## Na incómoda postura de carranchapernas

Manolo Regal

Coma membros do Movemento Rural Cristián de Galicia, tres compañeiros/as e máis eu estivemos hai poucos días na capital do Estado. Puidemos asistir a un pleno onde batemos con xente namorada do Evanxeo no rural e onde puidemos fortalecernos para a presenza de militantes rurais cristiáns na nosa Terra.

Ser de aldea dá, desde logo, moitas vantaxes, pero non tantas como para desenvolvernos con destreza entre os trebellos do metro de Madrid; e así, por arte de non sei que trasno, aí me teñen vostedes montado a carranchapernas entre as ferraxes que impiden o paso a quen queira facelo indebidamente. A señorita que nos atendera previamente, compartía o seu sorriso con disimulo con algún transeúnte, e nós, os catro da movida madrileña, escachabámonos de risa véndonos envoltos en semellante comedia. Lembreime do meu veciño Albino, home espléndido en humor, que viaxando a Lugo para asistir á voda da Sabela do "Tres Reás", andaba pola rúa preguntándolle a quen fose: 'sabe vostede onde vive a Luz do "Tres Reás?' A xente dicía non, rindo a conta daquel pailán de aldea, mentres o pailán da aldea coreaba a súa graza co fato de veciños e veciñas que o acompañaban.

Quedámonos coa figura daquela señorita que no metro nos atendera tan agarimosamente, vendo a nosa ineptitude; e co rostro espelido do velliño que velaba os nosos pasos para axudarnos a chegar máis comodamente ao noso destino, ao tempo que se chufaba polos seus 50 anos de servizo no metro. Experimentamos o preciosa que é a amabilidade da xente, cando nos sabemos atender e coidar, e intuímos tamén que, se elevamos a amabilidade a categoría sociopolítica, o mundo pode ser doutra maneira. Aínda máis, a esperanza de que o mundo sexa doutra maneira é posible basicamente grazas a esta capacidade do ser humano de ser doído, de compadecerse, de gozar botándolle unha man ao próximo.

Iso si, se entrades no metro, tede coidado con aquelas ferraxes, porque a postura de carranchapernas, sexas muller, sexas home, aínda que faga rir, é sumamente incómoda.



# A Pregunta

Antón Laxe

## Redes Sociais Serven para a transformación social? Onde nos levan?



Non hai dúbida do protagonismo das redes sociais nas mobilizacións cidadáns. É frecuente e habitual que as concentracións e manifestacións se dean a coñecer e se convoquen a través das redes sociais. Ata aquí de acordo. Pero podemos dicir que se produce unha transformación social grazas ás redes sociais? Penso que non, polo menos hoxe en día. As redes sociais serven para informar e conectar, pero se non hai unha tradución en accións concretas e reais, de pouco vale. De feito, como exemplo, nos dous últimos anos, todas as correntes de opinión que se viron nas redes sociais non tiveron a súa translación nos comicios que se viñeron celebrando. Polo tanto considero que a novidade está máis no medio – as redes sociais– que no contido e no resultado.

O que si hai que lle recoñecer ás redes sociais é a súa enorme potencialidade como transmisoras de información e como conectoras de pensamentos. Poden superar censuras, si, pero se falta o espírito crítico tamén poden ser unha potente ferramenta de manipulación en mans de grupos de interese. Polo tanto o maior risco que teñen as redes son a súa fiabilidade.

Non hai que sacralizar pois as redes sociais, porque non son máis que instrumentos, que van ir mudando igual que o fixeron –e o seguen facendo– a prensa e outros medios de comunicación. Non esquezamos que o centro e o motor de cambio son as persoas e o resto son só medios que se poden usar mellor ou peor.

**Jorge Castro Ruso**, técnico da Biblioteca municipal Sagrada Familia, autor do blog *menoresenred.com*



Malia a fenda dixital, as redes sociais están a converterse nun fenómeno tan universal como o teléfono móbil. Seguro que moitas de vós, hai anos, renunciabades a camiñardes pegadas aos móbiles e o mesmo vos acontecería co uso de redes sociais como Facebook e Twitter, as máis usadas en Galiza. Atopariádesvos en conversas en que se fala de tal publicación en tal rede social, sen saber de que falan e semella que quen non forme parte destas redes sociais virtuais deixa de existir. Así é que ferramentas como Facebook e Twitter están a revolucionar a comunicación interpersoal e mesmo o xeito de facer xornalismo. Aquí é onde entra en xogo o factor credibilidade, porque a eclosión e distribución masiva de informacións inventadas é unha constante. As usuarias de Twitter saberedes a que me refiro. Cantas veces mataron a Chávez antes do seu falecemento? E a Fidel Castro? Mesmo mataron a Obama. Cómpre empregar estas ferramentas de conexión e comunicación con ollo crítico para non caermos nas trampas do sistema. Tamén contribúen a que os movementos sociais e as opinións anti-sistema gañen en liderado e expresión para poder facer contrapeso aos medios de comunicación convencionais, en que as voces discordantes non teñen cabida. E, ademais, poden alimentar movementos masivos de solidariedade. Porén, non hai que esquecer que se trata de empresas que negocian cos nosos datos. Alén destas redes sociais comerciais, que implican a cesión de parte da nosa vida, xorden iniciativas como Lorea, que promoven un modelo non comercial, do pobo e para o pobo, en que as propias persoas son donas dos seus datos.

No eido interpersoal, as novas maneiras de interlocución das redes sociais dilúen fronteiras xeográficas con inmediatez e permiten socializarnos. Con todo, trátase dun xeito de interrelacionármonos que pode caer no individualismo e no narcisismo e que pode provocar certa adición. Cada vez, falamos máis e escoitamos menos e as redes sociais alimentan ese egocentrismo mediante a exposición da nosa vida privada. Non podemos caer na perversión de deixármonos absorber por estas nubes paralelas á nosa realidade tanxíbel nin que as redes sociais nos coman boa parte do noso tempo. Nun mundo en que cada vez todo é máis superficial, inmediato e virtual, é necesario, máis que nunca, sentar a conversar coas persoas separadas por unha taza de café ou unha copa de viño, non por unha pantalla de computador. Facebook e Twitter para nos comunicar, si, mais con moderación.

**María Obelleiro Ermida**, xornalista



A comparación entre os modelos de comunicación, relacións sociais ou acceso ao coñecemento (entre outros) antes e despois da aparición redes sociais dixitais (RSD) é a evidencia máis clara da súa capacidade como axente de transformación social. En cinco anos, as RSD levaron á maioría social a cuestionarse certos paradigmas como o da información ou o coñecemento, e chegaron a promover debate sobre o paradigma democrático. Parece imposible pensar nun cambio no modelo informativo sen a aparición das plataformas dixitais que posibilitaron creación e difusión de contidos informativos propios, fóra dos modelos hexemónicos.

Non quero caer na clásica dicotomía sobre a tecnoloxía; ou ben como instrumento que "facilita" ou ben como imperativo que "obriga". Dende o meu punto de vista por cada vantaxe (oportunidade) que ofrece un desenvolvemento tecnolóxico, existe sempre unha desvantaxe (ameaza). Así que se teño que destacar unha contribución social das RSD, esta sería o paso da individualidade cara a influencia do individuo no grupo, paso que nos obriga a reflexionar sobre o concepto actual de "privacidade" especialmente – e este sería para min a gran ameaza das RSD – cando estamos a falar de plataformas que están en mans privadas.

Sobre o futuro das RSD, recollo o concepto do Terceiro Entorno do que nos fala Javier Echeverría. Segundo Echeverría dende finais do século XX veuse a conformar unha nova contorna social, o espazo dixital ou electrónico, contraposto aos dous espazos anteriores: a natureza e a cidade.

A aparición dese novo espazo de relación social é dos grandes retos dos nosos tempos, que a medio prazo pasará por:

• Asegurarnos de que os sistemas educativos garantan que as novas xeracións poidan relacionarse con normalidade e de xeito crítico dentro desta nova contorna.

• Camiñar cara un Terceira Contorna pública, universal e inclusivo e non cara un espazo de relacións sociais que respondan unicamente a intereses privados.

**Borja Quintela Casás**, educador social



Unha aclaración previa: os que opinamos sobre a transformación derivada das redes sociais somos os adultos. Os máis novos naceron nun mundo global e, polo tanto, coñecen tuenti, twitter ou flickr desde bebés. Para eles non existe outra maneira de vivir.

No meu ámbito de traballo, a educación, os cambios son relativamente lentos, e as redes sociais como ferramentas (aulas virtuais, comunidades de estudantes, etc.) son máis ben "anécdotas" educativas. Non hai unha verdadeira revolución na aprendizaxe polo uso das redes sociais. Na miña opinión, o que realmente se transformou coa aparición das redes sociais foron os métodos de socialización dos máis novos, con consecuencias máis ben negativas. Porque as redes sociais fomentan unha sociabilidade con grandes doses de exhibicionismo.

Nos perfís elaboramos o noso "perfecto eu" para amosárllelo aos outros (viaxes, amizades, etc.), coa conseguinte creación de modelos arredados da realidade. Ademais, facemos un seguimento case patolóxico das vidas dos demais. Un *"Que fas?"* ou *"Que estás pensando?"* cada minuto. A dependencia do móbil para "estar ao día" é tal que moitos rapaces se declaran incapaces de pasar máis de dúas horas co teléfono apagado. E, finalmente, as redes sociais banalizan a idea de privacidade, porque aínda que, en teoría, compartimos información só cos destinatarios que escollemos, o que entregamos á rede deixa de pertencernos para sempre no momento no que pulsamos *enter*.

**Lines Salgado Iglesias.** Profesora de secundaria

# Entrevista Conversa con Roi Vidal Ponte, dramaturgo

Aldegunde Quiñones

## *"Bolaño fixo da cidade de Santiago un motivo literario"*




*Roi Vidal Ponte, filólogo, integrante do grupo Ataque Escampe, dramaturgo é tamén un especialista na obra de Roberto Vidal Bolaño. A bioloxía quixo que sexa fillo do escritor lembrado este ano no Día das Letras e mais de Laura Ponte, actriz; a xenética seleccionou a súa inclinación como autor teatral e estudoso da obra bolañesa, dedicación que agora compaxina co labor de axudante de dirección na obra* Días sen gloria*, que acaba de estrear o Centro Dramático Galego. A compañía institucional -que Bolaño contribuíu a crear- dedícalle este ano, en exclusiva, a súa tempada.*

**Bolaño foi un home que se achegou ao feito teatral desde moitos puntos de vista, non si?**

Os entendidos sinalan que foi un autor factótum, é dicir, que se tivo que dedicar -á parte de escribir teatro- a todo o resto de facetas que teñen que ver coa creación teatral: director de escena, actor (porque empezou sendo actor antes ca dramaturgo), iluminador, produtor (tivo ao longo da súa vida dúas compañías teatrais propias) e impulsor de asociacións e iniciativas que deron lugar á profesionalización do teatro galego e á creación do Centro Dramático Galego.

**Houbo quen dixo que noutro país sería un ídolo. Que lugar consideras que ocupa na historia da literatura galega?**

Si, dixeron que se Bolaño fose inglés e non galego había ser tan coñecido coma Shakespeare e que se no canto de ser dramaturgo fose novelista había ser tan coñecido coma Cervantes. Eu non sei se chega a tanto a importancia, pero o que si sei é que dentro do teatro galego é o que ten un discurso máis claro, unha traxectoria máis contundente, tanto pola calidade dramática dos textos coma pola variedade e polos camiños que estes textos foron abrindo.

### O cine, outra paixón

**Vidal Bolaño sufriu o veto do conselleiro Portomeñe. Como foi aquel episodio?**

Unha das múltiples barreiras que tivo que sortear ao longo da súa vida foi un desencontro co teatro, que comezou sendo un desencontro coa clase política por unhas declaracións que el fixo na prensa e que non sentaron nada ben ao Conselleiro de Cultura, Portomeñe, naquela altura. Despois sentiuse afectado pola falta de apoios dos propios compañeiros de profesión e isto fixo que renunciase a dedicarse ao mundo do teatro e pasase a dedicarse ao que el sempre quixera, o cine. Como naqueles mediados dos 80 non había industria cinematográfica en Galicia -dende logo non coma a de agora- tivo que conformarse con meterse no mundo da publicidade. Aí aprendeu a montar, a escribir guións, a buscar localizacións... Recuperou ese espírito cinematográfico que xa manifestara cando, antes de dedicarse ao teatro, de mozo, formara parte do equipo LUPA, un dos primeiros grupos de cine afeccionado do país.

É o escritor coa traxectoria máis contundente do teatro galego

**E iso condicionou a forma na que volveu ao teatro?**

Si, porque eu creo que esta etapa en Olympus Comunicación e en CTV-Galaxia, que así se chamaban as empresas nas que traballou, serviulle para cando volveu a escribir teatro, ao que lle imprimiu trazos da linguaxe cinematográfica.

**Como deu o paso á profesionalización da súa compañía?**

Se hai algo no que todo o mundo coincide en que Bolaño ha pasar á historia é por ser o fundador -xunto con Laura Ponte, a súa muller daquela- da primeira compañía profesional do teatro galego: Antroido. Cando a Vidal Bolaño o despediron do Banco Comercial no que traballaba atopouse na conxuntura de ter que decidir de que ía vivir. Como xa tiñan un grupo afeccionado probaron a ver se en Galicia os teatreiros podían vivir de facer teatro.

## Vidal Bolaño foi un autor factótum

**Tamén loitou pola creación do CDG**

Si, no ano 84 a xente de Antroido, xunto con outras compañías, formou parte do movemento que se xerou no país para ver se o Conselleiro de Cultura accedía a crear o Centro Dramático Nacional Galego, o que ía ser o CDG. Dentro da historia desta institución Vidal Bolaño tamén foi o primeiro autor galego ao que se lle representou unha obra, *Agasallo de sombras*, a segunda produción da compañía institucional, no ano 84.

**Que importancia ten a obra *Saxo tenor* no seu regreso ao teatro?**

Efectivamente, é un texto importante na traxectoria de Bolaño porque con el volveu ao teatro logo da paréntese da segunda metade dos oitenta. Con este texto gañou o premio Álvaro Cunqueiro e isto sérvelle de pulo para montar unha nova compañía, Teatro do Aquí, xunto con Belén Quintáns, que era a súa parella.

**Trátase dunha homenaxe ao arrabalde, non si?**

Si, e en concreto ao barrio de Vista Alegre de Santiago, no que se criou el. Está cheo de personaxes estrafalarias típicas dos arrabaldes da Compostela. *Saxo tenor* xoga a dialogar coa literatura popular, co cine negro, co t*hriller* de intriga e ten unha trama baseada nun asasinato que aparece envolto nun clima de tolemia propio dun ambiente marxinal.

## Compostela e o camiño

**Santiago ten unha importancia capital na obra de Bolaño.**

Tanta que lle dedicou varias das súas obras. Importante é a cidade, pero tamén o camiño. El tivo moito interese en lendas relacionadas co camiño de Santiago e tamén foi actor nunha serie documental na que facía de peregrino.

**Sobre o camiño, á parte de *Días sen gloria,* destaca *As actas escuras*.**

Desde logo. El informouse sobre a "inventio" dos restos do apóstolo e escribiu *As actas escuras*, que el consideraba o seu mellor texto. É unha visión crítica de todo este "tinglao", como diría el, que temos montado na catedral ao redor dos restos que hai aí e que non se sabe de quen son. Escribiu *Doentes,* que é unha homenaxe a Luces de Bohemia de Valle Inclán pero tamén á Compostela bohemia dos anos 50. E tamén hai fragmentos espallados polo resto de obras, mesmo en proxectos que non viron a luz, coma unha obra sobre as dúas Marías, que enchían de cor o branco e negro da ditadura franquista en Compostela. Tamén aparece en teatro infantil coma *Touporroutou da lúa de do sol*. Foi un escritor que fixo da cidade da que naceu un motivo literario.



# Entrevista A Xaquín Campo Freire

J. Pita



***Xaquín-Orlando-María Campo Freire. Enfermeiro especializado en Xerontoloxía, licenciado en Teoloxía Pastoral Sanitaria, ademais de membro do consello de redacción de* Encrucillada*, preséntase coma un neno dunha aldea insignificante da Galiza rural nado nos tempos da guerra incivil, que naceu falando galego coma todos. Do seu tataravó venlle o primeiro apelido, a quen chamaban os do Campo. O de Freire, quere dicir irmán, aprender a vivir e facer fraternidades, venlle da nai, a cal perdeu aos sete anos. 50 anos de ministerio pastoral son un bo punto de partida para unha estimulante conversa.***

**Por que elixiches ser sacerdote?**

Iso non se elixe un día. Vaise elixindo cada día. Tivemos un cura excelente, D. Xesús Veres Díaz, que se desvivía polos fregueses. Salvou moita xente naquela desgraciada xeira. Ou un mestre, D. Antonio Martínez Villar, un gran docente grazas ao que había a escola. Se ves que vale a pena ser coma aquel cura ou este mestre, tamén ves que pode valer a pena darlle sentido á túa propia vida por ese camiño. Valeu a pena? Teredes de dicilo os que me coñecedes. Se consigo ir sendo en cada etapa da miña vida coma aqueles que citei, certamente pode ter sentido.

**Como naceu a túa vocación sacerdotal?**

Non naceu. A vocación dunha vida é como os nosos ríos. Empezan nunha fonte pequeniña, escondida en calquera recunchiño descoñecido do noso monte, e logo paseniñamente van recibindo novas augas de moitos outros regachiños que se veñen a engadir. Entre todos facemos un gran río ou un río grande. Xa o dicía Cunqueiro: "*A noite vai coma un río*". E a vida tamén.

**50 anos de sacerdocio. Xa fica lonxe a túa primeira misa.**

Foi en San Xiao de Roca, a miña aldea, coa xente que nos acompañou en toda a vida. Aquilo foi unha grade aperta de amor. Lembro a tío Antón de Novo, chorando, abrazado ao meu pescozo: *Felicito á túa nai, Xaquín, e a todos os que xa se foron.* Os cemiterios das nosas aldeas forman connosco unha vida de agradecementos e de esperanza. Eles tiran de nós para continuarmos o que eles deixaron empezado e que recolleron do avós e trasavós ata o comezo do mundo.

**E dende aquela un longo traballo parroquial.**

Levo pasado por vinte parroquias. E refírome ás que tiven un cargo pastoral con encomenda cunha responsabilidade definina. Falar diso suporía escribir todo un libro que talvez debera de ir facendo.

## A vocación dunha vida é como os nosos ríos

O máis importante das parroquias somos as persoas, coas súas alegrías e os seus sufrimentos, cos acertos e erros, coas nosas bondades e incluso coas pequenas ou grandes maldades. Cos agradecementos e cos perdóns que nos debemos e necesitamos uns dos outros se queremos avanzar. E ás persoas lévaselles a todas no corazón. Podes irte dun sitio. Pero se estiveches a carón dun neno que naceu ou o bautizaches, ou colliches a man dun enfermo e dos seus familiares, que ao mellor mesmo axudaches a amortallar o lle pechaches os seu olliños recollendo con tenrura e con honra toda a súa vida ou logo rezaches en común por todos eles, iso vai sempre con un. Iso non se esquece.

**Cada vez soen acudir menos fregueses á misa. A que pensas que é debido?**

A miña percepción é que cada vez a xente se desprende máis das rutinas que non ten integradas seriamente na súa vida. A iso alguén chamoulles superestruturas alienantes. E ten razón. Pero a miña experiencia diaria é que os que nos reunimos en serio a celebrar a vida de cada semana no domingo na comunidade de fe e de esperanza, facémolo coa mesma vitalidade, forza e sinceridade, e dende a liberdade.

A primeira condición da fe é que sexa unha decisión en liberdade. Despois vas pasar por unha serie de crises, coma vida mesma na que se insire a fe. Antes dicíache que a vocación é un proceso que tes que decidilo cada día, segundo teña sentido ou non. Como fixo agora o Papa emérito. Tomar unha decisión seria é algo moi serio na vida. Ir á misa ou deixar de facelo, se forma parte da fondura da túa vida, non se dá sen dor ou sen gozo. Nunca se toma unha decisión para fosilizala.

**Falas do Papa Bieito. Que che pareceu a súa dimisión?**

É o mellor servizo que fixo á igrexa e á humanidade. Vivín en Roma os dous últimos anos do Papa anterior e non hai dereito a que grupos de presión e de intereses non tan santos se ceben con un pobre enfermo e velliño, baixo capa de non sei que martirios.

**Desde que exerces o teu ministerio pastoal hai de seguro unha serie de preguntas que estarás canso de ter que respodner. Por que a Igrexa non dá o paso cara ao sacerdocio da muller?Hai unha serie de preguntas.**

Toda exclusión non xusta é unha aberración histórica coma moitas outras. Calquera discriminación dun ser humano, por sermos home ou muller, branco ou cobrizo, etc. vén sendo un sen sentido. E diso somos todos responsábeis. Cando sexa un auténtico clamor popular, xa verás como se soluciona o asunto. Non pola miña opinión individual só, que de seguro que algún lector dirá: *Este verte no río.* Certo. Pero non é igual verter no río da vida que nos ríos das opresións que por moito que veñan de atrás non son senón inxustizas. O cartaz de Mans Unidas deste ano di: "*Sen igualdade non hai xustiza. E sen xustiza non hai igualdade".* Eu nacín dunha muller e teño irmás e se formase familia tería esposa e fillas. Eu non son máis do que ningunha delas, por moito que mo digan as leis civís ou de calquera cultura ou relixión. Eu, home, non son máis nin mellor do que ningunha das mulleres que coñecín ou hai no mundo.

**E sobre o celibato dos sacerdotes?**

Eu a pregunta non a vexo así. De que valería que a min me **autorizásedes todos vós** a casar e seguir exercendo de cura? Solucionabades un problema persoal meu. Interesante. Pero o problema é que tipo de sacerdote se precisa hoxe. O problema é que as comunidades teñen dereito a elixir os mellores responsábeis das súas freguesías, parroquias, comunidades, etc. Por que non se fai? Todo chegará cando sexa unha mentalidade común. Foise facendo un pensamento común a base de ir abrindo camiños nos que todos estamos implicados. .

**Con 50 anos de exercicio do teu ministerio pastoral, como os ves agora dende o presente?**

Xa vou vello. Teño 76 anos. Toda unha vida, di a cantiga. Teño de ir pasando xa ás tarefas e responsabilidades propias da miña última estación, que é tan importante coma a primeira, se lle sei encontrar o verdadeiro sentido. Non estou descontento da miña traxectoria vital. Suprimiría algunha cousa? Si. Todo aquilo no que fixen sufrir a alguén por pensamento, palabra, comisión ou omisión como se di na fórmula da igrexa. E niso son sincero.

as comunidades teñen dereito a elixir os mellores responsábeis das súas freguesías, parroquias e comunidades

**Mais non todo é traballo. Aínda tes tempo e fozas para ocupalo en moitas tarefas.**

Non son moi fanático das aficións. Gosto de andar. Son partidario do estudo continuo para mellor servir ás realidades que me vai tocando vivir: Parroquias, anciáns, enfermos, viúvas e viúvos, presos, grupos culturais, etc. Gosto moito do teatro. Levo un grande actor e un pallaso dentro. Tamén gosto de escribir. Teño moitos artigos. Colaborei en varios libros. Teño publicado un estudo sobre a viuvez e outro sobre dos cárceres e a axuda ás persoas que sofren prisión ou traballan alí por unha mellor

**Unhas vodas de ouro dan para unha grande celebración.**

Celebracións en plan de homenaxes e comidas, con regalos e cousas desas, non son do meu estilo nin do meu modo de ser. Nada que supoña que alguén gaste cartos. Custa moito vivir.

Pero reunirme, falar, recordar o pasado, ver o que valeu a pena, querernos e vernos xuntos para celebrar as vosas vidas, os vosos trunfos, rezar para darlle grazas emocionadas aos que se nos foron, coñecer aos novos, vivir nunha misa a emoción de ternos axudado tanto entre todos en tempos de dificultades, iso si que me gusta moito.

Volver celebrar unha misa en Piñeiros rodeado de todos vós, crentes ou non, iso sería unha bendición para todos. Non me toca a min facelo. Algo diso xa se vai facendo silandeiramente con moitos outros que o quixeron organizar.

Un bo faladoiro, un acto de posta en común, un sabervos cheos de vida, de proxectos, e coñecer os avances das parroquias, etc., iso é unha gozada. Rendervos contas da miña vida xa é un agasallo ben bonito.



Igrexa da súa aldea natal

# O noso taboleiro

## SONETO ALEXANDRINO PARA O MEU GRANDE AMIGO MANUEL ESPIÑA GAMALLO. IN MEMORIAM



Era todo nobreza e amizade profunda,
un crente verdadeiro, galego excepcional,
a quen o amor o peito do seu empuxe inunda.
Gran defensor do propio. Aberto ó universal.

Soubo soster verdades fronte á mentira inmunda,
cunha firmeza única, cristiá e colosal.
Foi súa conduta limpa, fraternal e fecunda,
e a súa entrega a Xesús e a Galiza, total.

Pra ti, Manuel Espiña, galego extraordinario,
estes meus pobres versos, de admiración orlados,
por seres máis ca amigo meu irmán solidario.

Son pobres si, son pobres, mais non esaxerados.
Eu son da túa bondade máis ca cantor, notario.
E sei que os teus desvelos por Deus foron premiados.

Os Tilos, 13/02/2013
Xoán Xosé Fernández Abella

## Concurso de Hipercurtos Contos

Os salesianos convídannos a participar nunha nova edición do concurso de contos hipercurtos (textos de 175 palabras como máximo). A temática é libre e poden participar todas as persoas que o desexen establecéndose tres categorías: nenos e nenas ata 13 anos, mozos e mozas entre 14 e 30 anos e maiores de 30 anos. **O prazo de presentación remata o 1 de maio do 2013.** Tes toda a información en www.fedboscogal.org







**EDITA:** Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**
**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.
**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.
**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.
**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN:** revistairimia@asociacion-irimia.org
**SUBSCRICIÓNS:** Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscricións@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.
**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** asociacion-irimia@asociacion-irimia .org
**CONTA:** NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago
**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez
**ISSN:** 2172-9182 **IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA
**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** http://asociacion-irimia .org/revista.xhtml

# Boa Nova




## A CLAVE

Hoxe para a miña reflexión vou tomar prestada a voz da teóloga Joan Chittister, que no seu libro *Odres Nuevos* (Sal Terrae, 2002) fala de discipulado: "O discipulado cristián non é unha preparación para o "Máis alá" nin un distanciamento estático do presente, consiste en vivir neste mundo no xeito que Cristo viviu no seu: tocando os leprosos, cuestionando o incuestionable e relacionándose coas mulleres. O discipulado, sabémolo pola vida de Cristo a quen seguimos, non é a pertenza a un club social clerical chamado Igrexa, non é un exercicio intelectual de asentimento a un corpo de doutrina. O discipulado é unha actitude mental, unha modalidade de alma, un xeito de vida que non é político, pero ten implicacións políticas serias, que non pode ser oficialmente ecl esiástico, pero cambia unha igrexa que é máis eclesiástica que comunitaria. O discipulado está disposto a se enfrontar a un mundo que só está empeñado en manter os seus propios fins custe o que custe. O prezo é alto. Tareixa de Xesús, Xoán da Cruz e Xoana de Arco foron perseguidos por se opoñer á xerarquía e logo canonizados. O discipulado custoulle a Mary Ward a súa saúde, a súa reputación e mesmo o seu enterro canónico. O discipulado custoulle a Martin Luther King a vida. (…) A igrexa non só debe predicar o Evanxeo, senón tamén non obstaculizalo. Debe ser o que di ser. Debe demostrar o que ensina".

Marisa de Corme

## A PALABRA

**DOMINGO 29 DE ABRIL. V DOMINGO DE PASCUA**

**Xn 13, 31-33a.34-35**

Cando Xudas saíu do cenáculo, díxolles Xesús: "Agora queda glorificado o Fillo do Home e Deus queda glorificado nel. Se Deus queda glorificado nel, tamén Deus o glorificará a el e hao glorificar axiña. Meus fillos: só un pouquiño estarei convosco. Douvos un mandamento novo: amádevos uns a outros; como eu vos amei, amádevos tamén entre vós. Nisto coñecerán todos que sodes os meus discípulos: se vos tedes amor uns a outros.(...)".

## O ECO

Escoitei este día unha réplica nunha película, destas que deixa pegada e fai que deixemos de escoitar e ver todo o que ven despois. O mozo non daba o paso do compromiso e non pasaba dunha relación aparentemente superficial, ela cansa e ameaza con deixalo porque o que quería era ser amado. Historia trivial das que hai moreas por aí.

Cantas veces pensamos "non me quere porque non dixo isto, non fixo estoutro" e se nos rebenta a burbulla. Mais nesta historia a declaración de amor é un tratado: "non che dicía que te quería porque pensaba que non te merecía mais descubrín que só queréndote como te mereces acadarei ser digno de ti".

Entroume osíxeno puro no corazón e dixen "entre Deus e min" (unha expresión agasallada hoxe por Concha de Aguiño): "só teño que amar, tanto como poida, todo o demais sobra".

Por que será que esta frase me levou a aquel cuarto con arrecendo a pan e uvas, a año asado e amizade, a bagoas mal tragadas e sentinte outra vez, como se fora agora mesmo: "amádevos uns a outros; como eu vos amei" e nada máis, sen lerias, sen pensar nada, sen comentarios nin teoloxías complexas ou sinxelas, sen medida e sen máis medo. Ama. Todo o demais estorba, retrasa o amor e faino ver difícil.


Christina

# Falando da lingua

## Comezar, comezar… habemos comezar…

Lidia e Valentina

Dicir, para comezar, que esta maneira de comezar (valla a redundancia) non é correcta… E onde está o erro? Pois no infinitivo! O infinitivo, forma non persoal do verbo, non pode comezar unha frase coma se fose un verbo conxugado. A expresión correcta sería: "Queremos dicirvos, para comezar…" Polo tanto, se comezamos por "dicir" deixamos o infinitivo "viúvo" ao suprimirlle o verbo auxiliar, que é o que marca matices e intencións e mais a persoa que fala. Este "fenómeno", que tamén é habitual en castelán, e é igual de erróneo, debemos evitalo porque só fai que nos parezamos un pouco máis falando a Tarzán!!




Daquela, *hai que destacar..., debemos recordar que…* os recortes non lle chegaron por agora á linguaxe e non fai falta que economicemos tanto no discurso, aínda que a alguén lle poida parecer que ao comezar os discursos con un infinitivo lle estean a dar un carácter máis enfático, como se o que fosen "dicir" fose importantísimo! Simplemente están a conseguir un empobrecemento e descoido da expresión, tanto á hora de falar como de escribir.

E, xa que estamos, imos incidir noutro mal uso do infinitivo: cando o utilizamos como un imperativo. Este uso, moi habitual en castelán, lingua na que tamén é incorrecto, estase -por contaxio- estendendo en galego: "Xa está ben, *calar* todos!" "Cando abra a porta, *entrar* de un en un!" Deberiamos dicir *calade*, *entrade*... Só se pode utilizar o infinitivo con valor de imperativo cando vai precedido da preposición *a* (*a* calar*!, a* durmir!) ou en ordes e recomendacións de carácter xeral:" Non fumar","Empuxar"...

E aínda hai outro uso incorrecto arredor do infinitivo nas expresións: *Temas a tratar, *pasos a dar…: é dicir, a secuencia substantivo + preposición a + infinitivo é unha expresión herdada do francés (un galicismo!) que non se di en galego e que se debe substituír pola correcta: "pasos que se deben dar, que temos que dar…"

Non nos resistimos a pechar sen comentar un dos nosos cabalos de batalla arredor dunha expresión con infinitivo, tamén calcada do castelán, onde si é correcta: *Vou a comer, *imos a saír dentro de pouco… En galego a perífrase **ir + infinitivo** nunca leva preposición no medio: **vou comer, imos saír**... sería o correcto.

Temos que rematar este artigo, que hai que ir traballar...

# O Fachineiro do despedimento

### Traballar para o inglés (e para o francés)

Como case todo o mundo saberá, esta expresión refírese ao traballo que un fai para que outros tiren proveito, o que máis ou menos define a conxuntura económica actual (e pasada), porque tamén sabemos que uns roxan o forno e outros veñen enfornar. E os que roxamos somos sempre os mesmos. O caso é que con esta frase dirixíase a este fachineiro un futuro parado da cadea de electrodomésticos Darty. Están de liquidación de existencias. "Todo pensado", di o empregado: "contrataron unha empresa de publicidade inglesa, poñemos uns letreiros grandes e fartámonos a vender aínda que os descontos son do 10 ou, como moito, do 20%". A empresa decidiu facerse forte en Francia e o Benelux e pecha por aquí. Pero as rebaixas xa as iniciou cando hai uns anos desembarcou entre nós e comprou San Luís. O primeiro que fixo foi cambiar os folletos publicitarios que San Luís tiña en galego e traducilos ao castelán. Nin sequera se molestaron en disimular con outra maquetación, como ben soubo ver a irimega Charo. Tiñan claro que o que alí sobraba era o galego; simplemente invisibilizaron a lingua. Agora tamén sobran os empregados. Ficamos sen cadea propia, sen lingua de noso nesa empresa e agora tamén sen os empregos. Traballar para o inglés sen o galego. Iso tamén resume a conxuntura lingüística. No ermo, como diría Noriega Varela.

A.Q.